


ACTIVIDADES DE CIENCIAS DA NATUREZA



VERTEBRADOS e INVERTEBRADOS
MAMÍFEROS
AVES
PEIXES, RÉPTILES e ANFIBIOS


2º NIVEL DE ED. PRIMARIA

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
A CORUÑA

EQUIPO A TODO FILISPÍN



OS PEIXES



CARACTERÍSTICAS

- . VIVEN NA AUGA
- . DESPRÁZANSE COAS SÚAS ALETAS.
- . TEÑEN O CORPO CUBERTO DE ESCAMAS.
- . REPRODÚCENSE POR OVOS, SON OVÍPAROS.
- . HAI PEIXES DE AUGA DOCE, QUE VIVEN NOS RÍOS E LAGOS, E PEIXES DE AUGA SALGADA, QUE VIVEN NO MAR.

1.- Completa este texto.

Os peixes viven na _____ e desprázanse coas súas _____ .


O corpo dos peixes está cuberto de _____ .

Os peixes reproducense por _____ , son animais _____ .

Os peixes de auga doce viven nos _____ e _____ .

Os peixes de auga salgada viven no _____ .

2.- Colorea os peixes.




3.- Localiza nesta sopa de letras as palabras do recadro.

ALETAS ESCAMAS OVOS AUGA MAR RÍO LAGO

M	C	B	X	R	I	O
A	L	E	T	A	S	V
R	C	Q	L	A	G	O
E	S	C	A	M	A	S
B	H	C	A	U	G	A


OS RÉPTILES



CARACTERÍSTICAS


- . TEÑEN O CORPO CUBERTO DE ESCAMAS.
- . A MAIORÍA TEÑEN CATRO PATAS.
- . REPRODÚCENSE POR OVOS, SON OVÍPAROS.

ALGÚNS DELES SON MOI COÑECIDOS. COLORÉAOS.




**CURIOSIDADE:
AS SERPES SON RÉPTILES E... NON TEÑEN PATAS.**

1.- Lembra que as serpes son réptiles, pero non teñen patas. Poderías localizar neste rebumbio sete serpes? Píntaas de cores diferentes.



OS ANFIBIOS



CARACTERÍSTICAS _____


- . TEÑEN A PEL ESPIDA, NÚA.
- . VIVEN NA AUGA OU PRETO DELA.
- . TEÑEN CATRO PATAS CANDO SON ADULTOS.
- . REPRODÚCENSE POR OVOS, SON OVÍPAROS.

1.- Algúns anfibios son moi coñecidos. Relaciona, completa e colorea.


S A P O R A P Í N T E G A

UNHA CURIOSIDADE:


DOS OVOS QUE POÑEN OS ANFIBIOS NACEN OS CÁGADOS, QUE AO PRINCIPIO VIVEN NA AUGA E DESPOIS, CANDO LLE SAEN AS CATRO PATAS, XA COMEZAN A ANDAR POLA TERRA. ESTE PROCESO CHÁMASE METAMORFOSE.




2.- Recorta e ordena o proceso da metamorfose dunha ra.






ovo



cágado





adulto



3.- Completa este encrucillado relacionado cos anfibios.

1.- CAGADOS 2.- PINTEGAS 3.- ANFIBIOS 4.- ESPIDA
5.- RABO 6.- OVÍPAROS 7.- OIVOS



HORIZONTAIS

- 1.- Crías dos anfibios.
- 2.- Anfibio parecido ao lagarto de pel lisa e negra, con manchas amarelas.
- 3.- Animais que viven na terra e na auga, indistintamente.
- 4.- Pel sen escamas, nin pelos... como a dos anfibios.
- 5.- Parte do corpo que perden os cágados das ras ao pasar a adultos.
- 6.- Animais que se reproducen por ovos.
- 7.- O que poñen os anfibios para reproducirse.

FICHA PRÁTICA

1.- Colorea segundo o grupo ao que pertencen seguindo o código do recadro.

PEIXES



LARANXA

ANFIBIO




VERMELLO

RÉPTIL



VERDE



2.- Une.

**TEÑEN
ESCAMAS**

**TEÑEN
ALETAS**

**TEÑEN
ÓSOS**


**TEÑEN A
PEL ESPIDA**

**TEÑEN
PATAS**


**SON
OVÍPAROS**

**VIVEN SÓ
NA AUGA**


REPTAN



PEIXES



ANFIBIOS



RÉPTILES






OS VERTEBRADOS



CARACTERÍSTICAS


- . TEÑEN ÓSOS E ESQUELETO.
 - . A MAIORÍA TEÑEN CABEZA, TRONCO E RABO.
 - . AS EXTREMIDADES PODEN SER PATAS, ALETAS OU ÁS.
- HAI CINCO GRANDES GRUPOS DE VERTEBRADOS:**
MAMÍFEROS, AVES, ANFIBIOS, RÉPTILES, PEIXES

1.- Ponlle o nome a cada un destes vertebrados. Colorea.



OS INVERTEBRADOS

CARACTERÍSTICAS



- . NON TEÑEN ÓSOS
- . REPRODÚCENSE POR OVOS, SON OVÍPAROS.
- . SON MOI DIFERENTES UNS DE OUTROS.


Por exemplo:

- Os caracois teñen unha cuncha dura que lles protexe o corpo.
- Os cangrexos teñen unha coiraza dura que lles protexe o corpo.
- Os polbos non teñen nin cuncha nin coiraza.

Outros invertebrados son as estrelas de mar, os vermes, as miñocas...

Outro grupo moi numeroso de invertebrados son os insectos (mosca, abella, avespa, saltón, bolboreta, xoaniña...)

- . Teñen seis patas.
- . Teñen dúas antenas.
- . Teñen dúas ás, recubertas por unhas capas dura: os élitros.




Que curioso, algúns insectos, como a formiga, carecen de ás!




FICHA PRÁTICA

1.- Arrodea e coloreá os invertebrados.




2.- Completa o nome das partes deste saltón. Coloreá.

ÁS PATAS ANTENAS ÉLITROS






OS MAMÍFEROS



CARACTERÍSTICAS

- AO NACEREN, AS CRÍAS SAEN DIRECTAMENTE DA NAI E MAMAN DO LEITE DAS SÚAS NAIS.
- TEÑEN O CORPO CUBERTO DE PELO.
- A MAIORÍA TEÑEN CATRO PATAS.

QUE CURIOSO, O MORCEGO É UN MAMÍFERO QUE... TEN ÁS!
AH, E O GOLFIÑO E A BALEA TAMÉN SON MAMÍFEROS E TEÑEN ALETAS!



AS AVES




CARACTERÍSTICAS

- AS AVES SON ANIMAIS OVÍPAROS, REPRODÚCENSE POR OVOS.
- TEÑEN PETEIRO.
- TEÑEN DÚAS ÁS COAS QUE VOA E DÚAS PATAS PARA ANDAR OU NADAR.
- TEÑEN O CORPO CUBERTO DE PLUMAS.

QUE CURIOSO, A AVESTRUZ É UNHA AVE... E NON VOA!

1.- Completa co nome das partes dunha ave. Colorea

ás peteiro patas cola peito



FICHA RESUMO

1.- Completa este esquema. Usa as palavras do recadro.

MAMÍFEROS AVES RÉPTEIS PEIXES ANFIBIOS



2.- Escribe V (Verdadeiro) ou F (Falso). Colorea.

-Os anfibios son animais invertebrados.


-A estrela de mar é un invertebrado.

-Os insectos teñen catro patas.

-Os peixes son invertebrados.

-Os insectos teñen tres antenas.

-Os polbos teñen coiraza moi dura.






3.- Escribe o nome de dous animais de cada. Colorea.

mamíferos

aves

peixes



ACTIVIDADES DE CIENCIAS DA NATUREZA

FICHAS DE REFORZO

Nome:

Data:

Coñecemento medio 2

1. Arrodea cada animal segundo a clave.

vermello



mamíferos

azul

aves

verde



réptiles



2. Que son os animais ovíparos? Explica.

Os animais ovíparos son

■ Agora, marca cun X os animais ovíparos.




Nome:

Data:

Coñecemento medio 2

3. Escribe as súas partes.



4. Completa as seguintes oracións.

- As aves nacen de e teñen o corpo cuberto de .
- Os mamíferos nacen do da súa e teñen o corpo cuberto de .
- Os réptiles nacen de e teñen o corpo cuberto de .

5. Escribe o nome de dous animais en cada caso.

carnívoros

herbívoros

Nome:

Data:

Coñecemento medio 2

1. Le e clasifica.



troita



escaravello




mosca



ra



píntega




quenlla

Peixes

Anfibios

Insectos

2. Escribe as súas partes.



Nome:

Data:

Coñecemento medio 2

3. Escribe o nome de cada animal onde corresponda. Despois, contesta.

araña

vaca

sardiña

polbo

Vertebrado

Invertebrado

- Que é un animal invertebrado?

4. Como se desenvolve a bolboreta? Observa os debuxos e ordénaos con 1, 2, 3 e 4.



eiruga



OVOS



bolboreta



casulo

5. Escribe o nome do grupo de animais que corresponda.

- Teñen a pel espida.

▶ _____

- Son invertebrados e teñen dúas antenas.

▶ _____

- Nacen de ovos e teñen aletas.

▶ _____